

**ACTA DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI (PEPCHA).**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 12,30 horas do día 17 de xaneiro de 2011, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Antonio F. Fernández Rocha, alcalde-presidente., actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, D. Alberto Castrillo Escobar, Xefe de Servizo de Urbanismo de Pontevedra, en representación da Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestrutura; o concelleiro de AT, D. Miguel Capón Rey, o concelleiro do PSdG-PSOE, D. Manuel Freiría Pérez, o concelleiro do BNG, D. Laureano Alonso Álvarez e o concelleiro de TUI D. Juan Miguel Diz Guedes, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Na Mesa de Contratación celebrada o pasado 21 de decembro 2010 acórdase por unanimidade remitir requirimento ás empresas que se indican na referida Acta ós efectos de subsanar documentación administrativa presentada no sobre A), outorgándose un prazo de tres días hábiles.

Unha vez que se procedeu á presentación da documentación por parte das empresas requiridas, reúnese a Mesa de Contratación ós efectos de revisa-la documentación presentada.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, á vista da documentación presentada, acorda:

1º.- Admitir a tódalas empresas presentadas á licitación, que son:

DENOMINACIÓN EMPRESA	ENDEREZO
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO PLANIFICACION, S.LP	R/ Alcalde Lorenzo, nº 14- portal 1. cp 15220 Bertamiráns (Ames)
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTO S.L.P.	R/ Príncipe 34-1º-Oficina D, cp 36202 Vigo
HABITAT 6, S.L.	R/ Progreso, nº 51-bajo, 32003 Ourense.
IDOM	Avda. de Lugo, 151-bajo. 15703 Santiago de Compostela
UTE PROYESTEGAL - DVEGA ARQUITECTURA	R/ Pena do Rei 3 - cp 27002 Lugo
PROES	R/ General Yagüe, 39 - cp 28020 Madrid
TAULA	Avda. de Valdemarín, 68 - cp 28023 Madrid
OTEA PLANES Y PROYECTOS	Praza Comandante Manso, nº 11 cp 27001 Lugo

2º.- Convocar a apertura do SOBRE C) "Documentación Ponderable a través de Xuízos de Valor" para o vindeiro venres, día 21 de xaneiro, ás 9,00 horas, en acto público, no Salón de Plenos do Concello, dándose traslado ás empresas admitidas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Antonio F. Fernández Rocha

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR DO CONCELLO

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

XEFE DO SERVIZO DE URBANISMO
DE PONTEVEDRA.

O CONCELEIRO DE A.T.

Asdo: Alberto Castrillo Escobar

Asdo: Miguel A. Capón Rey

O CONCELEIRO DO PSdG-PSOE

O CONCELEIRO DO BNG

Asdo: Manuel Freiría Pérez

Asdo: Laureano Alonso Alvarez

O CONCELEIRO DE TUI

Asdo: Juan Miguel Diz Guedes